



### CONCELLOS

#### ALFOZ

#### Anuncio

Vistas as bases reguladoras do proceso selectivo polo sistema de concurso-oposición, para o nomeamento de persoal funcionario de carreira: unha praza de arquitecto/a técnico/a do Concello de Alfoz, e posterior formación de listaxe de agarda ( BOP nº 48 de 27/02/2024 ) , por medio da presente publícase a aprobación definitiva da relación de aspirantes admitidos e excluídos acordada pola Alcaldía en data 30 de maio de 2024 ( Resolución 358/2024), logo da admisión de alegación por incorporación de documentación en prazo.

RELACIÓN DE ASPIRANTES ADMITIDOS			
APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIONES
CASAL VILLARES	EMILIO	***9328**	
COLDEIRA FERNANDEZ	OSCAR	***9698**	(*) Non aporta CELGA 4
FERNANDEZ GARCIA	CARLOS	***3633**	(*) Non aporta CELGA 4
ABELLEIRA SANCHEZ	PATRICIA	***4688**	
HERMIDA VARELA	DIEGO	***3763**	
GONZALEZ GONZALEZ	PABLO JOSE	***8064**	
FERNANDEZ ARNAU	JUAN ANTONIO	***9202**	
RELACION DE ASPIRANTES EXCLUIDOS			
Ningún.			

Na mesma Resolución 358/2024 acordouse a designación dos membros do Tribunal de Selección:

#### PRESIDENTE:

Titular: Dona Mónica Marras Mosquera, xefa do Servizo de Arquitectura da Deputación de Lugo

Suplente: Don Emilio Silva Otero, asesor técnico, no Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo e catedrático de ensino secundario.

#### VOGAIS:

Titular: Don Francisco Manuel Moreda Gil, funcionario de carreira, arquitecto do Concello de Ribadeo

Suplente: Don Antonio Vizoso Hermida, funcionario de carreira, arquitecto do Concello de Foz.

Titular: Don Pablo Dorado Lanza, funcionario de carreira, arquitecto técnico Concello de O Valadouro.

Suplente: Dona Marta Geadá Arca, funcionaria de carreira, arquitecta Concello de Barreiros.

Titular: Dona Fátima López Souto, funcionaria de carreira , arquitecta técnica Concello de Xove.

Suplente: Begoña Teijeiro Campo, funcionaria de carreira, habilitada nacional , Secretaria- Interventora do Concello de Barreiros

SECRETARIO:

Titular: María Sofía Sanmartín Novoa, funcionaria de carreira, habilitada nacional , Secretaria- Interventora do Concello de Alfoz.

Suplente: Dona María Mirta García Cao, funcionaria de carreira, auxiliar administrativo do Concello de Alfoz.

Convócase ao Tribunal para a súa constitución, o xoves día 27 de xuño de 2024 , ás 09:00 horas, no Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Alfoz.

Cítase ao Tribunal e as persoas aspirantes admitidas para a realización do **primeiro exercicio** da fase de oposición, que terá lugar o **xoves 27 de xuño de 2024 , ás 10:00 horas** na Casa do Concello de Alfoz, debendo aportar os aspirantes a documentación identificativa.

O chamamento para posteriores exercicios farase mediante a publicación no taboleiro de edictos da Corporación e na sede electrónica municipal ; neste suposto, os anuncios da celebración das sucesivas probas deberán facerse públicos polo órgano de selección con 48 horas, polo menos, de antelación ao comezo da seguinte.

Alfoz, 31 de maio de 2024.- A Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 1559

---

## BEGONTE

### *Anuncio*

Por resolución de Alcaldía de data 28.05.2024, aprobouse o padrón fiscalcorrespondente ao mes de abril de 2024 do servizo de axuda no fogar a través da lei de dependencia por un importe de 6.055,03€e o programa básico de axuda no fogar por un importe de 128€.

Por medio do presente expónse público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeralcoñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 28 de maio de 2024.- O Alcalde, D. José Ulla Rocha.

R. 1560

---

## O INCIO

### *Anuncio*

En cumprimento do canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público na Secretaría deste Concello a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2023, por un prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

O Incio, 31 de maio de 2024.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 1561

---

## MEIRA

### *Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 28 de maio do 2024, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o 1º. **bimestre do exercicio 2024**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido

na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 28 de maio do 2024 ao 28 de xullo do 2024.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuintes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interperse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 28 de maio do 2024.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1551

## NAVIA DE SUARNA

### Anuncio

Faise público que con data do 31 de maio de 2024, se ditaron as seguintes Resolucións polo Sr. Alcalde-Presidente, relativas á oferta de emprego para o ano 2022 (BOP núm. 279, do 07.12.2022) nataxa adicional de estabilización de emprego temporal á que se refire o art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro:

#### DECRETO

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar no **procedemento selectivo excepcional para consolidación e estabilización para o ingreso como persoal laboral fixo no concello de Navia de Suarnadunha (1) praza denominada Peón/a de obras e servizos, polo sistema de concurso oposición, acceso libre, cota xeral, incluída oferta de emprego para o ano 2022 (BOP núm. 279, do 07.12.2022) nataxa adicional de estabilización de emprego temporal á que se refire art 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro**, convocado por este Concello, obxecto de dar cumprimento ó estipulado nas bases reguladoras deste proceso e no exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.**-Aceptar a proposta de Tribunal e, en consecuencia, proceder ó seu nomeamento dos seguintes funcionarios, que actuarán a título individual e non da Deputación Provincial de Lugo:

#### PRESIDENTA/E:

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión no Servizo de RRHH e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Emilio Silva Otero, asesor técnico no Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

#### VOGAIS:

Titular: Don Julián Mayor Couceiro, xefe Unidade Mantemento e Conservación da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Nahum Reija Iglesias, oficial electricista na Unidade de Mantemento e Conservación da Deputación de Lugo.

Titular: Don Manuel Pillado Rego, adxunto a xefe do Parque Móbil da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Antonio Crende López, maquinista - condutor no Parque Móbil da Deputación de Lugo.

Titular: Don José Rodríguez Pérez, coordinador-xefe Portería e Reprografía da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Miguel Traseira González, responsable portería, vixilancia e seguridade edificios descentralizados da Deputación de Lugo.

#### SECRETARIO/A:

Titular: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Montserrat Conde López, secretaria - interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

**COLABORADORAS:**

Dona Ana Losada Real, xefada Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora de procesos selectivos da Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo

**SEGUNDO:** Fíxase a seguinte data, hora e lugar para a celebración.

	DATA	HORA	LUGAR
CONSTITUCIÓN	12.06.2024	10:30	Aulas de Formación da Deputación de Lugo
PROBA DE GALEGO	27.06.2024	10:30	Concello de Navia de Suarna
1º EXERCICIO	04.07.2024	9:00	Concello de Navia de Suarna
2º EXERCICIO	04.07.2024	10:30	Concello de Navia de Suarna

**TERCEIRO:** Ordenar a publicación da presente resolución no BOP da provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (<https://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>)

**DECRETO**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar no **procedemento selectivo excepcional para consolidación e estabilización para o ingreso como persoal laboral fixo no concello de Navia de Suarnadunha (1) praza denominada Peón Conductor, polo sistema de concurso oposición, acceso libre, cota xeral, incluída na oferta de emprego para o ano 2022 (BOP núm. 279, do 07.12.2022) nataxa adicional de estabilización de emprego temporal á que se refire art 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro**, convocado por este Concello, óbixecto de dar cumprimento ó estipulado nas bases reguladoras deste proceso e no exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aceptar a proposta de Tribunal e, en consecuencia, proceder ó seu nomeamento dos seguintes funcionarios, que actuarán a título individual e non da Deputación Provincial de Lugo:

**PRESIDENTA/E:**

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión no Servizo de RRHH e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Emilio Silva Otero, asesor técnico no Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

**VOGAIS:**

Titular: Don Julián Mayor Couceiro, xefe Unidade Mantemento e Conservación da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Nahum Reija Iglesias, oficial electricista na Unidade de Mantemento e Conservación da Deputación de Lugo.

Titular: Don Manuel Pillado Rego, adxunto a xefe do Parque Móbil da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Antonio Crende López, maquinista - condutor no Parque Móbil da Deputación de Lugo.

Titular: Don José Rodríguez Pérez, coordinador-xefe Portería e Reprografía da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Miguel Traseira González, responsable portería, vixilancia e seguridade edificios descentralizados da Deputación de Lugo.

**SECRETARIO/A:**

Titular: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Montserrat Conde López, secretaria - interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

**COLABORADORAS:**

Dona Ana Losada Real, xefada Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora de procesos selectivos da Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo

**SEGUNDO:** Fíxase a seguinte data, hora e lugar para a celebración.

	DATA	HORA	LUGAR
CONSTITUCIÓN	12.06.2024	11:30	Aulas de Formación da Deputación de Lugo
PROBA DE GALEGO	27.06.2024	11:15	Concello de Navia de Suarna
1º EXERCICIO	04.07.2024	11:45	Concello de Navia de Suarna
2º EXERCICIO	04.07.2024	13:00	Concello de Navia de Suarna

**TERCEIRO:** Ordenar a publicación da presente resolución no BOP da provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (<https://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>).

#### DECRETO

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar no **procedemento selectivo excepcional para consolidación e estabilización para o ingreso como funcionario no concello de Navia de Suarnadunha (1) praza denominada Auxiliar Administrativo, polo sistema de concurso oposición, acceso libre, cota xeral, incluídانا oferta de emprego para o ano 2022 (BOP núm. 279, do 07.12.2022) nataxa adicional de estabilización de emprego temporal á que se refire art 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro**, convocado por este Concello, óobxecto de dar cumprimentoó estipulado nas bases reguladoras deste proceso e no exercicio das competencias que me confire a vixentelexislación sobre réxime local,  
**RESOLVO:**

**PRIMEIRO:**-Aceptar a proposta de Tribunal e, en consecuencia, proceder óseunomeamento dos seguintes funcionarios, que actuarán a título individual e non da Deputación Provincial de Lugo:

#### PRESIDENTA/E:

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión no Servizo de RRHH e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Emilio Silva Otero, asesor técnico no Servizo de RRHH e Asistencia aosConcellos da Deputación de Lugo.

#### VOGAIS:

Titular: Dona María Isabel Rodríguez Fernández, xefa da Sección de Nóminas, no Servizo de RRHH e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona María Ángeles Álvarez Díaz, auxiliar na Sección de Nóminas, no Servizo de RRHH e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Loreto Rodríguez Costas, xefa da sección de Fomento, no Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Manuel Amable Trabado Trabado, administrativo naUnidade de Obras e Plans, no Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Gloria Baamonde Tomé, xefa do Servizo de Fiscalización da Deputación de Lugo.

Suplente: : Dona María Ángeles Rivas Vázquez, xefa da Sección de Contabilidadee Contas, no Servizo de Contabilidadee Contas da Deputación de Lugo.

#### SECRETARIO/A:

Titular: Don José Ferreiro Fernández,tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente:Dona Montserrat Conde López, secretaria - interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aosConcellos da Deputación de Lugo.

#### COLABORADORAS:

Dona Ana Losada Real, xefada Sección de Selección, Promoción e Carreira daDeputaciónde Lugo.

Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora de procesos selectivos da Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo

**SEGUNDO:** Fíxase a seguinte data, hora e lugar para a celebración.

	DATA	HORA	LUGAR
CONSTITUCIÓN	12.06.2024	12:30	Aulas de Formación da Deputación de Lugo

1º EXERCICIO	09.07.2024	9:30	Concello de Navia de Suarna
2º EXERCICIO	09.07.2024	11:00	Concello de Navia de Suarna

**TERCEIRO:** Ordenar a publicación da presente resolución no BOP da provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (<https://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>).

#### DECRETO

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar no **procedemento selectivo excepcional para consolidación e estabilización para o ingreso como persoal laboral fixo no concello de Navia de Suarna cinco (5) prazas denominadas Auxiliar Axuda no Fogar, polo sistema de concurso oposición, acceso libre, cota xeral, incluídانا oferta de emprego para o ano 2022 (BOP núm. 279, do 07.12.2022) nataxa adicional de estabilización de emprego temporal á que se refire art 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro**, convocado por este Concello, óobxecto de dar cumprimentoó estipulado nas bases reguladoras deste proceso e no exercicio das competencias que me confire a vixentelexislación sobre réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-**Aceptar a proposta de Tribunal e, en consecuencia, proceder óseunomeamento dos seguintes funcionarios, que actuarán a título individual e non da Deputación Provincial de Lugo:

#### PRESIDENTA/E:

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión no Servizo de RRHH e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Emilio Silva Otero, asesor técnico no Servizo de RRHH e Asistencia aosConcellos da Deputación de Lugo.

#### VOGAIS:

Titular: Dona Silvia García López, xefa da Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona IriaLamazares Fernández, diplomada en traballo social na Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Ana María Abel Longarela, xefa do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona María José Ferreiro López, ATS, na Sección Saúde, Seguridade e Prevención da Deputación de Lugo.

Titular: Don Jesús Manuel Reguera López, coordinador xefeapoio e asuntos sociaisna Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Nerea Blanco López, auxiliar da Sección de Benestar e Igualdade da Deputacion de Lugo.

#### SECRETARIO/A:

Titular: Don José Ferreiro Fernández,tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente:Dona Montserrat Conde López, secretaria - interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aosConcellos da Deputación de Lugo.

#### COLABORADORAS:

Dona Ana Losada Real, xefada Sección de Selección, Promoción e Carreira daDeputaciónde Lugo.

Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora de procesos selectivos da Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo

**SEGUNDO:** Fíxase a seguinte data, hora e lugar para a celebración.

	DATA	HORA	LUGAR
CONSTITUCIÓN	12.06.2024	9:30	Aulas de Formación da Deputación de Lugo
PROBA DE GALEGO	27.06.2024	12:00	Concello de Navia de Suarna
1º EXERCICIO	11.07.2024	9:30	Concello de Navia de Suarna
2º EXERCICIO	11.07.2024	11:00	Concello de Navia de Suarna

**TERCEIRO:** Ordenar a publicación da presente resolución no BOP da provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (<https://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>).

Navia de Suarna, 31 de maio de 2024.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 1562

## NEGUEIRA DE MUÑIZ

### Anuncio

#### XEFE DE BRIGADA PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS

Mediante Resolución de Alcaldía do 29/5/2024, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento de selección para contratación, por un período de tres meses, dun Xefe de brigada para labores de vixilancia, prevención e defensa de incendios forestais. O prazo de presentación de instancias será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases da convocatoria estarán a disposición dos interesados na páxina web municipal ([www.concellodenegueira.es](http://www.concellodenegueira.es)) e no taboleiro de anuncios (planta baixa da Casa Consistorial do Concello de Negueira de Muñiz, sita na Praza Maior s/n, 27113 de Negueira).

Negueira de Muñiz, 30 de maio de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Braña Pereda.

R. 1552

## LUGO

### Anuncio

#### DECRETO

**Ilma. Sra. D<sup>a</sup>. Tareixa A. Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.**

Instruído o expediente relativo a: Bases que rexerán o proceso de matriculación nas Casas das Linguas María Balteira e Estrada da Granxa do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2024/25.

Vista a proposta do Xefe de Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, obrante no expediente de data 28/05/2024 onde se recollen as Bases que rexerán o proceso de matrícula nas Casas das Linguas, para o curso 2024/25, transcritas na parte dispositiva.

En virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno, administración do Concello (ROMGA), atribucións delegadas segundo acordo XGL número 40/607, de 26/07/2023 e Decreto núm. 4036/2024 de 30/04/2024 na súas actuais redaccións,

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as bases e convocatoria do proceso de matrícula nas Casas das Linguas do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2024-2025 que seguidamente se transcriben:

**<<Bases que rexerán o proceso de matrícula nas Casas das Linguas María Balteira e Estrada da Granxa do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2024/25.**

#### 1.- Obxecto da convocatoria.

As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento de admisión de alumnado nas Casas das Linguas de Estrada da Granxa e María Balteira para o curso 2024/25.

#### 2.- Persoas destinatarias.

Persoas empadroadas no Concello de Lugo.

No caso dos nenos e nenas, deberán de solicitar a matrícula no idioma do curso escolar correspondente.

As persoas non empadroadas terán a opción de matricularse no caso da existencia de prazas vacantes.

#### 3.- Modalidade do servizo e período de prestación deste.

As actividades de idiomas en ambas Casas das Linguas, iniciaranse o **11 de setembro de 2024 e rematarán o 20 de xuño de 2025.**

As clases de adultos terán unha duración de 75 minutos e as infantís de 50 minutos.

Ofértanse 20 prazas para cada clase no caso de adultos e 15 prazas para as actividades infantís. Nas actividades de familias e bebés adaptárase o número de prazas segundo as solicitudes e as capacidades de prestación da actividade.

#### 4.- Procedemento para a solicitude e concesión do servizo.

O procedemento para a concesión do servizo iniciarase coa solicitude das persoas interesadas, conforme ao modelo aprobado, durante o **período de inscrición que se iniciará ao día seguinte da publicación das bases no BOP ata o 21 de xuño** de 2024.

As solicitudes para Casa das Linguas Estrada da Granxa poderanse efectuar presencialmente ou no correo: casa.linguas@lugo.gal

As solicitudes para Casa das Linguas Maria Balteira poderanse efectuar presencialmente ou no correo: casa.linguas.balteira@lugo.gal

Poderanse solicitar varios idiomas pero só se poderá presentar unha solicitude por idioma. No caso de solicitudes duplicadas do mesmo idioma nos dous centros, serán anuladas e non entrarán no sorteo.

No caso necesario realizarase o **sorteo das prazas entre os días 24 e 26 de xuño**, sendo publicado o listado de persoas admitidas e as listaxes de agarda, no taboleiro de anuncios en cada unha das Casas das Linguas, no blog (<https://casadaslinguasconcellodelugogal.blogspot.com/>) e páxina web das mesmas (<https://casadaslinguaslugo.gal/>).

No caso de quedar prazas vacantes, abrírase novamente un prazo de solicitude do **20 de agosto ao 3 de setembro**. Unha vez rematado este prazo e iniciadas as clases, se aínda quedaran prazas poderán cubrirse por orde de solicitude ata completar a cabida.

Así mesmo, no caso de existir demanda de clases ou actividades que non estean contempladas no programa ofertado, á vista das solicitudes ou suxestións presentadas, poderase realizar unha oferta extraordinaria de matrícula para ditas materias.

#### 5.- Formalización da matrícula: Documentación e pago de taxas.

**As persoas admitidas terán que achegar a documentación necesaria para realizar a formalización da matrícula entre o 27 de xuño e 8 de xullo de 2024.**

Documentación a achegar:

- Fotocopia do DNI,
- Folla de inscrición cuberta,
- Unha fotografía tamaño carné,
- Xustificante do pago de taxas (Modelo 503)

Conforme ao disposto na Ordenanza nº 403 que regula os Prezos Públicos pola prestación de servizos nas instalacións culturais, extán exentos de pagamento os menores de 14 anos. Por dito motivo e para que afecte do mesmo xeito a todo ao alumnado dun mesmo curso, os nados antes do ano 2010 (que cumprirían os 14 anos no 2024), deberán abonar 30,90€ por idioma en concepto de matrícula para o curso anual. Para isto deberán de cubrir o impreso 503 para as taxas de pago. Este impreso pódese recoller nos centros das Casas Das Linguas xa impreso ou ben descargalo da páxina Web do Concello, no caso de descarga do documento, deberánse imprimir 3 copias do mesmo arquivo (ca mesma numeración):

- Exemplar para o solicitante.
- Exemplar para o banco.
- Exemplar para entregar no centro da Casa Das Linguas

No caso de menores de idade, achegarase o DNI do pai/nai ou titor legal que realice a solicitude, folla de inscrición cuberta, unha fotografía tamaño carné e a autorización da toma de imaxes.

No caso de non formalizar a matrícula no prazo indicado para a mesma perderase o dereito á praza.

Non se considerará matriculada a persoa que non teña presentado o xustificante de pago.

No suposto de que algunha das persoas admitidas incumpran as obrigas de asistencia sen a xustificación oportuna (máis de 4 faltas sen xustificación), causará baixa na actividade solicitada, sendo cuberta a praza, se existe listaxe de reservas, segundo a orde establecida na mesma.

#### 6.- Idiomas a impartir .

Impartiranse actividades nos seguintes idiomas:

Inglés. Niveis adultos: A1, A2, B1, B2-C1

Niveis infantíl: Bebés, Infantíl, Primaria.



Francés. Niveis adultos:A1-A2, A2- B1

Niveis infantil: Bebés, Infantil, Primaria.

Alemán. Niveis adultos: Iniciación, Básico, Intermedio

Niveis infantil: Primaria.

Galego. Niveis adultos: Iniciación, CELGA

Niveis infantil:Bebés,Primaria

Portugués. Niveis adultos: Iniciación e Intermedio

Niveis infantil:Bebés, Primaria, ESO

Linguaxe de signos. Niveis adultos: Iniciación

Niveis infantil: Iniciación

Xaponés. Iniciación

En función das necesidades do servizo, ou da demanda existente, as clases poderán ser anuladas ou substituídas por outras.

### ESTRADA DA GRANXA

	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES
<b>Francés</b> <b>Inglés</b> <b>Alemán</b> <b>Galego</b> <b>Xaponés</b> <b>Portugués</b> <b>Lingua de Signos</b>	<b>10:00-11:15</b> Inglés Elementary I (nivel A1 Adultos)  <b>11:30-12:45</b> Inglés Elementary II (nivel A2 Adultos)		<b>10:00-11:15</b> Inglés Intermediate English  <b>11:30-12:45</b> Inglés Advanced English (nivel B2-C1) Adultos.	<b>10:00-11:15</b> Inglés Elementary II (nivel A1.2)Adultos <b>Francés Intermedio (B1)</b> <b>Galego</b> Iniciación  <b>11:30-12:45</b> Inglés Advanced English (nivel B2-C1) Adultos. Galego CELGA  <b>12:00-12.50</b> Francés Bebés e familia (0-3 anos)	<b>10.00-11.15</b> Francés Iniciación 2 (A2 adulto)  <b>11.30-12.45</b> Francés Avanzado (B2 adulto)
	<b>16:30-17.20</b> Alemán Nenos/as (Iniciación desde 0) Inglés Magic English I & Musical English (1º,2º,3º Prim)  <b>17:30-18:20</b> Alemán Nenos/as (Iniciación II - con conocimientos previos) Inglés Magic English II & Musical English (4º,5º,6º Prim)	<b>16.30-17.20</b> Francés Infantil (4º5º6º infantil) Portugués Bebés  <b>17.30-18.20</b> Francés Primaria 1(1º2º3º primaria)  <b>17.30-18.45</b> Portugués Avanzado (Adultos)  <b>18.30-19.20</b> Francés Primaria 2 (4º5º6º primaria)	<b>16:30-17:20</b> Inglés Magic Kinder (De 3º,4º 5º Educación infantil) Lingua de signos (Primaria)  <b>17:30-18:20</b> Inglés Magic English I & Musical English (1º,2º,3º Prim) Galego Infantil I  <b>17:30-18:45</b> Lingua de signos (adultos)  <b>18:30-19:20</b> Inglés Magic	<b>16.30-17.45</b> Francés Básico (A2-B1- adulto)  <b>18.00-19.15</b> Francés Iniciación (A1 adulto)  <b>19.30-20.20</b> Francés ESO (1º2º3º4º ESO)	<b>16:30-17:20</b> Xaponés

	<b>18:30-19:45</b> Alemán Adultos (Básico - con conocimientos previos) Inglés Advanced English (nivel B2- C1) Adultos.		English II & Musical English (4º,5º,6º Prim)  <b>19:30- 20:20</b> Inglés Magic Highschool		
--	--	--	--	--	--

**MARIA BALTEIRA**

	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES
<b>Alemán</b> <b>Inglés</b> <b>Francés</b> <b>Galego</b> <b>Xaponés</b> <b>Portugués</b> <b>Lingua de Signos</b>	<b>10:00-11:15</b> Portugués Básico Adultos	<b>10:00-11:15</b> Inglés Elementary I (nivel A1) Adultos Galego Iniciación  <b>11:30-12:45</b> Inglés Intermediate English (nivel B1) Adultos Galego CELGA			<b>10:00-10:50</b> Inglés Bebés e familia (0-3 anos)  <b>11:00 -11:50</b> Inglés Intercambio cultural/Inglés Galego Bebés  <b>12:00 -12:50</b> Inglés Bebés e familia (0-3 anos)
	<b>16.30-17.20</b> Francés Infantil (4º5º6º infantil)  <b>17.30-18.20</b> Francés Primaria 1 (1º2º3º primaria) Portugués Brincar em Português (nenos/as 3 a 8 anos)  <b>18.30-19.20</b> Francés Primaria 2 (4º5º6º primaria) Portugués Brincar em Português (nenos/as 6 a 12 anos)  <b>19.30-20.20</b> Francés ESO (1º2º3º4º ESO) Portugués ESO (1º2º3º4º ESO)	<b>16:30-17:50</b> Inglés Elementary II (nivel A1) Adultos  <b>17:30-18:20</b> Galego Infantil  <b>18:00-19:15</b> Inglés Basic English (nivel A2) Adultos  <b>18:30-19:20</b> Galego Primaria  <b>19:30- 20:30</b> Inglés Magic Highschool	<b>16:30-17:45</b> Alemán Adultos (Iniciación desde 0)  <b>16.30-17.20</b> Francés Bebés e familia (0-3 anos) Japonés (primaria)  <b>17.30-18.45</b> Francés Iniciación (A1-A2 adulto)  <b>18:00-18:50</b> Alemán Nenos/as (Iniciación desde 0)  <b>19:00-20:15</b> Alemán Adultos (Intermedio) Francés Básico (A2-B1 - adulto)	<b>16:30-17:20</b> Inglés Magic Kinder (De 3 a 5 anos) Lingua de signos (primaria)  <b>17:30-18:20</b> Inglés Magic English I & Musical English (1º,2º,3º Prim)  <b>17:30-18:45</b> Lingua de signos (adultos)  <b>18:30-19:20</b> Inglés Magic English II & Musical English (4º,5º,6º Prim)  <b>19:30- 20:20</b> Quizz night/ Board Game night	

&gt;&gt;

**SEGUNDO.-** Dar publicidade da presente convocatoria, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, ao interesado coa indicación de que contra a mesma caberá interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Así mesmo, deáselles trasladados as dependencias e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.

Lugo, 28 de maio de 2024.- A tenente de alcaldesa, Tareixa A. Ferreiro Tallón.

R. 1563

## PARADELA

### Anuncio

#### **CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, 3 POSTOS DE OPERARIOS CONDUTORES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA DO CONCELLO DE PARADELA, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

O Concello de Paradela, aprobou por Resolución da Alcaldía de data 30 de maio de 2024, as seguintes bases para a selección de persoal laboral temporal, para 3 postos de operarios condutores do vehículo motobomba do Concello de Paradela:

“BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE TRES (3) OPERARIOS CONDUTORES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA DO CONCELLO DE PARADELA, AO ABEIRO DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE PARADELA, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2024. ACTUACIÓN VEHÍCULO MOTOBOMBA.

#### 1.1 Obxecto

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal de tres (3) Operarios condutores do vehículo motobomba do Concello de Paradela, ao abeiro do convenio interadministrativo suscrito coa Consellería do Medio Rural, por un período de tres meses.

1.2. Normas de aplicación: O proceso de selección regularase polo previsto nas presentes bases e no convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Paradela para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024 e no non previsto nelas, polo establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado; Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións aplicables.

1.3. O sistema de selección da/os aspirantes será o de concurso – oposición.

1.4. A presente convocatoria e as bases publicaranse no boletín oficial da provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es); o resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web do Concello de Paradela ([www.paradela.es](http://www.paradela.es))

## 2. MODALIDADE DO CONTRATO.

2.1 O contrato de traballo temporal que se formalizará coas persoas seleccionadas será coas cláusulas específicas de circunstancias da produción, a tempo completo, previsto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 3 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro.

O réxime xurídico da relación laboral será de carácter laboral temporal.

Respecto a xornada dos operarios condutores, segundo o establecido no mencionado convenio que literalmente di así: "Durante a vixencia do convenio os VMB estarán operativos 16 horas/día con carácter ordinario, con plena dispoñibilidade, acorde ao horario establecido, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos nacionais, autonómicos e locais, así como as quendas de noite necesarias".

## 3. FUNCÍONS.

As funcións dos contratos laborais temporais que se celebren a resultas do proceso de selección dos 3 postos de operarios condutores do vehículo motobomba, serán as establecidas no convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Paradela, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024.

## 4. REQUISITOS DA/OS ASPIRANTES.

Para participar no proceso selectivo, a/os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento da formalización do contrato.

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. A/os aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas e especificando tales adaptacións.

Segundo o establecido no convenio obxecto deste proceso de selección, os aspirantes seleccionados deberán realizar previamente á súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para a realización do traballo. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, declararase ao aspirante decaído do seu dereito á contratación.

c) Idade: ter cumpridos 18 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións do sistema educativo.

f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo C.

g) Coñecemento da lingua galega: CELGA 2.

Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.

Polo tanto, que non acredite o coñecemento do galego mediante a achega do CELGA 2, deberá superar unha proba que consistirá na tradución dun texto sobre o coñecemento do idioma galego, con cualificación de apto/non apto, con carácter eliminatorio.

## 5. SOLICITUDES

5.1. A solicitude para tomar parte no proceso de selección axustarase ao modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello de Paradela e estará dispoñible na páxina web ([www.paradela.es](http://www.paradela.es)) e dirixirse á Sra. Alcaldesa do Concello de Paradela, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es).

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente. A/os familiares dos anteriores, visado, e de selo caso, documentación acreditativa do vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a/o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Permiso de conducir tipo C.

c) Acreditación da posesión do nivel de idioma galego esixido nestas bases-CELGA 2.

No suposto de carecer desta acreditación, a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego segundo o establecido na cláusula cuarta.

d) Declaración responsable, asinado pola/o aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, así mesmo declaración de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada pola/o aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Relación - anexo III segundo a orde que se establece na base oitava dos méritos que a/os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na mencionada base.

5.2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral de entrada do Concello de Paradela (Lugo), en horario de 9:00h a 14:00h de luns a venres, poderanse así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A/os aspirantes que non presenten as solicitudes no rexistro do Concello de Paradela, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir antes da data de expiración do prazo unha comunicación por fax ao Concello de Paradela (982541232) ou correo electrónico [concello.paradela@eidolocal.es](mailto:concello.paradela@eidolocal.es), comunicando a presentación da solicitude co selo de correos ou do rexistro correspondente.

## 6. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de un (1) mes, declarando aprobada a lista provisoria de admitida/os e excluída/os coa especificación do motivo da exclusión. Esta resolución publicarase de xeito integro no taboleiro de edictos da casa do Concello e na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es), sinalándose un prazo de dous (2) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. No caso de non haber excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data de constitución, lugar e hora de realización das probas.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, a Alcaldesa ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es), de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. Nesta mesma resolución sinalarase o lugar e hora de realización das probas de oposición e a composición do tribunal cualificador e data de constitución.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesada/os a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, a/os interesada/os decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

## 7. ÓRGANO DE SELECCIÓN.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionaria/os de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un da/os cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

A Alcaldesa nomeará por decreto aos membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es)

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un/ha funcionaria/o de carreira ou persoal laboral pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretaria/o: a/o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

Vogais: Tres funcionaria/os de carreira ou persoal laboral pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Na designación dos membros do tribunal garantirase a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entre ambos os dous sexos, ao ser a súa composición impar.

A/os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, a/os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nas presentes bases, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia da/o presidente/a e da/o secretaria/o ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretaria/o e co visto e prace da/o Presidenta/e.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

## 8. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de concurso - oposición:

1) FASE DE OPOSICIÓN: PRIMEIRO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO.

Realización dun exercicio que consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 10 preguntas con respostas alternativas das que só unha é correcta, baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I, durante un período de 20 minutos e determinado polo Tribunal que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo.

Esta proba puntuarase de 0 a 10 puntos, as respostas correctas valoraranse cada unha con 1,00 puntos. As non contestadas ou contestadas incorrectamente non penalizarán.

## 2) FASE DE CONCURSO:

O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito:

A puntuación máxima total do concurso establécese en seis (6) puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:

### a) Experiencia profesional. Máximo (4,00) puntos.

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en calquera Administración Pública ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, con contratos ou nomeamento feito pola propia Administración: 0,20 puntos por cada mes completo. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate -excepto aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Paradela, os cales unicamente terán que facelo constar e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto e informe de vida laboral. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en entidades privadas: 0,10 puntos por cada mes completo. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar informe de vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes, en caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

### b.) Formación. Máximo 2,00 puntos:

Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto, non serán puntuados; non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas.

- Cursos de 10 a 40 horas: 0,25 puntos.

- Cursos de 41 a 75 horas: 0,50 puntos.

- Cursos de 76 a 100 horas: 0,75 puntos.

- Cursos de máis de 100 horas: 1,00 puntos

Forma de acreditar os méritos: Deberá presentar o título ou certificación expedido pola administración pública que o impartiu e /ou financiou, acreditativo da súa realización.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado pola/os aspirantes na documentación aportada coa solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela

## 9. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE SELECCIÓN.

O exercicio realizarase no prazo máximo de vinte (20) días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con dous días hábiles de antelación, como mínimo, o comezo do primeiro exercicio, no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es), o día, hora e lugar onde se celebrará a proba.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es) e no lugar onde se realice o exercicio.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carné de conducir, etc), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

A/os aspirantes serán convocados en único chamamento, sendo excluídos da oposición a/os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As

xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

A/os opositores poderán desenvolver os exercicios de que conste o procedemento selectivo tanto en lingua galega como en lingua castelá, a súa libre elección.

Para establecer a orde en que haberán de actuar os aspirantes naqueles exercicios nos que non poidan facelo conxuntamente, estarase ao resultado do sorteo publicado pola Resolución correspondente, que se realizou ao abeiro do establecido no art. 9 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal de administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

O resultado final do proceso de selección, será a suma das dúas fases oposición e concurso, en caso de empate de puntuacións resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos na fase de oposición. De persistir o empate resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos no primeiro e segundo apartado, sucesivamente da fase de concurso. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela, na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es) e no lugar onde se realizou o exercicio, a puntuación total do proceso selectivo (puntuación fase oposición, fase concurso e puntuación total), os aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, elevarase dita relación á Sra. Alcaldesa-Presidenta, que aprobará a relación de candidatos pola súa orde de prelación aos efectos da provisión dos postos de traballo obxecto deste proceso de selección, para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan.

O Tribunal establecerá unha lista de reserva entre o resto dos aspirantes por orde de puntuación, para asegurar a cobertura dos postos cando se produzan renuncias dos aspirantes primeiramente seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato. A devandita lista de reserva servirá tamén para cubrir as baixas que se produzan durante o período de duración dos contratos obxecto do presente proceso de selección.

#### 10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A/os aspirantes seleccionada/os deberán realizar previamente á súa contratación, un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, se declarará o/a aspirante decaído do seu dereito á contratación.

Igualmente a/os aspirantes seleccionados deberán realizar un curso teórico - práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas. Este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes do equipo do vehículo motobomba xa o realizarán con anterioridade.

Trala superación do recoñecemento médico e a proba de esforzo, a/os candidata/os propostos para seren contratada/os deberán achegar no prazo máximo de dous (2) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentaran anteriormente xunto coas instancias de participación:

- a) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.
- b) Nº de conta bancaria (IBAN)

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidata/o que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesada/os, a Sra. Alcaldesa resolverá o proceso e se formalizarán os contratos de traballo temporal, coas cláusulas específicas de circunstancias da produción por un período de 3 meses, a xornada completa, vinculados ao convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Paradela para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais, actuación dun vehículo motobomba.

#### 11. IMPUGNACIÓN.

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas pola/os interesada/os nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa .



**ANEXO I.-TEMARIO****Tema 1**

Concello de Paradela. Termo municipal. Poboación. Datos de interese do municipio. Distribución xeográfica e parroquial.

**Tema 2**

Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA),

ANEXO II ) MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE TRES (3) POSTOS DE TRABALLO DE OPERARIOS CONDUTORES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA DO CONCELLO DE PARADELA, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

D/a.....  
provisto/a de D.N.I. nº..... con enderezo na R/ .....  
.....nº..... piso....., C.Postal..... Localidade .....  
Municipio ..... Provincia ..... Teléfono .....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Paradelas para a contratación laboral temporal, a xornada completa, de tres (3) postos de traballo de Operarios condutores do vehículo motobomba do Concello de Paradelas en cumprimento do convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Paradelas, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais, mediante a actuación dun vehículo motobomba, por un período de tres meses no exercicio 2024.

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto ao que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

- no caso de ser nacional doutro Estado, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ao Concello do Paradelas para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, na páxina web www.paradela.es, lugar de realización dos exercicios e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicita/o ser admitida/o a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan e presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- Permiso de condución en vigor tipo C
- Acreditación da posesión do nivel de idioma galego esixido nestas bases-CELGA 2.
- Relación dos méritos que alego para a súa valoración - Anexo III, e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na base oitava.

....., de..... de 20....

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE PARADELA

De conformidade co establecido na normativa de protección de datos persoais, informámoslle que os datos persoais que nos facilite, almacenaranse e tratarán coa finalidade de participar en procesos de selección e avaliación de persoal. A tales efectos, Vd. expresamente consente e autoriza á realización de cantas probas de carácter profesional, sociolóxico, psicolóxico e de aptitude sexan precisas para a determinación do seu perfil profesional. Estes datos, solicítanse en base ao seu consentimento, necesario para poder ostentar a condición de candidato. Devandito consentimento entenderase prestado en tanto non comunique por escrito a revogación do mesmo. Informámoslle que conservaremos os seus datos durante un prazo máximo de dous anos. Así mesmo, comunicámoslle que o responsable do tratamento e destinatarios da información é o CONCELLO DE PARADELA, onde poidan xurdir vacantes que se axusten ao seu perfil. Pode contactar co responsable do tratamento, para solicitar máis información sobre o tratamento dos seus datos, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade de datos, limitación e oposición e revogación do consentimento, en C/ Cabaleiros de Santiago, 15. 27611. Paradelas. LUGO ou a través do correo dpd.concelloparadela@eidolocal.es

## ANEXO III (RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS APORTADOS E ACREDITADOS)

EXPERIENCIA PROFESIONAL				
Servizos realizados como Operario condutor vehículo motobomba para a prevención e defensa contra incendios forestais.				
Categoría	Administracións Públicas/Entidades privadas	Duración contrato ou nomeamento	Data inicio	Data Remate

FORMACIÓN		
Denominación	Centro impartición	Duración

Data:

O/A solicitante

Asdo:

Paradela, 30 de maio de 2024.- A Alcaldesa-Presidenta, Maria Montserrat Mulet Sar

R. 1564

## RIBEIRA DE PIQUÍN

### Anuncio

Por acordo do Pleno da Corporación Local, reunido en sesión ordinaria do 30 de abril de 2024, aprobase inicialmente o expediente de modificación de créditos 6/2024- expediente de suplemento de crédito- dentro do vixente Orzamento, por importe de 55.660,00 € (Cincuenta e cinco mil seiscientos sesenta euros), quedando este aprobado definitivamente ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público (BOP nº 105, de data 07/05/2024), en aplicación do disposto no artigo 169, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, o que se faise público resumido por capítulos:

ORZAMENTO DE GASTOS			ORZAMENTO DE INGRESOS	
Aplicación Orzamentaria		AUMENTO (EN EUROS)	aplicación orzamentaria	AUMENTO (EN EUROS)
Por progr.	Económica		Económica	
163	623	55.660,00	870.00	55.660,00
<b>Total.....</b>		<b>55.660,00</b>	<b>Total.....</b>	<b>55.660,00</b>

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de créditos 6/2024 no orzamento para o ano 2024, os interesados/as debidamente lexitimados poderán interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Ribeira de Piquín, 30 de maio de 2024.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 1565

## SARRIA

### Anuncio

EXPEDIENTE: 247/2024

PROCEDIMENTO: Aprobación definitiva da Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello de Sarria, en sesión realizada o día 04/04/2024, acordou aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Reguladora de referencia.

O expediente someteuse a información pública mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 085, de data 12/04/2024 e no Portal de Transparencia da Sede Electrónica Municipal.

Como queira que non se presentaron reclamacións durante o devandito trámite, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional, cuxo texto íntegro da modificación das tarifas se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVERSO DE BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO****ARTIGO 1. FUNDAMENTO E CONCEPTO**

En uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, consonte o disposto nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e nos artigos 15 a 27, e 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, esta Ordenanza regula a taxa por entradas de vehículos a traveso de beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento.

**ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible a utilización privativa ou o aproveitamento especial das vías ou terreos públicos derivada da entrada e saída de vehículos a través da beirarrúa para acceder a calquera finca (garaxes, aparcadoiros, locais, naves industriais, organismos oficiais), ou do establecemento de reserva de vía pública para aparcadoiro exclusivo, prohibición de estacionamento ou carga e descarga de mercadorías de calquera clase, con prohibición de estacionamento a terceiros na parte da vía pública afectada.

**ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO**

Son suxeitos pasivos, as persoas físicas ou xurídicas así como as entidades a que #referir o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular naqueles supostos que constitúen o feito imponible da taxa.

Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes obrigados ao cumprimento da obrigación tributaria, as persoas ou entidades referidas no número anterior naquelas manifestacións do feito imponible referidas a reservas de vía pública para aparcadoiros exclusivos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

Son suxeitos pasivos, a título de substituto do contribuínte, obrigados ao cumprimento da obrigación tributaria, os propietarios dos predios ou locais ou, no seu caso, as Comunidades de propietarios, a que dean acceso as entradas de vehículos quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

En consecuencia, quedan obrigados ao cumprimento da obrigación tributaria:

- a) Se as ocupacións foron autorizadas ou concedidas, as persoas ou entidades a cuxo favor se outorgaron as licenzas ou as concesións.
- b) Se se procedeu sen a oportuna autorización, as persoas ou entidades que efectivamente realicen a ocupación.

**ARTIGO 4. COTA TRIBUTARIA**

1. O importe da cota tributaria está fixado tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada dos aproveitamentos obxecto da taxa se as vías ou terreos ocupados non fosen de dominio público.

A cota tributaria será o resultado de aplicar as seguintes tarifas:

**TARIFA I. VIVENDAS UNIFAMILIARES CUN MÁXIMO DE TRES PRAZAS**

BASE: POR CADA ENTRADA O SAÍDA EUROS /AÑO

- De 1 a 3 prazas: 44,13€/ano

**TARIFA II. INDUSTRIAS-COMERCIOS**

BASE: CAPACIDADE

- De 1 a 10 prazas: 88,26 €/ano

- De 11 a 20 prazas: 105,91 €/ano

- De 21 a 40 prazas: 123,56 €/ano

- De 41 a 100 prazas: 141,22 €/ano

- Por cada praza de exceso: 8,83 €/ano

A Tarifa II aplicarase a todo tipo de entradas e/ou saídas a edificios, establecementos, instalacións ou parcelas, que se encontren afectas ou inmediatamente interesen a calquera tipo de actividade comercial ou industrial.

**TARIFA III. APARCAMENTOS COLECTIVOS**

BASE: CAPACIDADE

- De 1 a 10 prazas: 61,78 €/ano

- De 11 a 20 prazas: 79,43 €/ano

- De 21 a 40 prazas: 97,09 €/ano
- De 41 a 100 prazas: 114,74 €/ano
- Por cada praza de exceso: 6,18 €/ano

A Tarifa III aplicarase a todo tipo de entradas e/ou saídas a edificios, establecementos instalacións ou parcelas, cuxa propiedade pertenza a máis dunha persoa física, xurídica ou entidade ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, sempre que non se destine a aparcadoiro en explotación ou non se realice actividade comercial ou industrial algunha e, no seu caso, a todos aqueles aproveitamentos non recollidos no resto das Tarifas.

Tamén será de aplicación a mencionada Tarifa nos casos que aínda pertencendo a unha soa persoa física ou xurídica, as entradas e/o saídas afecten a aparcadoiros cunha capacidade superior a tres vehículos.

#### **TARIFA IV. RESERVAS DE ESPAZO**

Por cada metro lineal ou fracción de calzada que alcance a reserva de espazo para liñas de viaxeiros, para carga e descarga ou para outros usos e destinos: 14,71 €/ano

2. Cando a un determinado local lle resulte de aplicación dúas ou máis das tarifas II ou III, a cota a pagar será a que resulte de maior contía.

3. Os titulares satisfarán ademais a cantidade de 12,00 euros pola placa anunciadora do vao permanente.

#### **ARTIGO 5. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

Non se recoñecen máis beneficios fiscais que os derivados das normas con rango de Lei ou da aplicación de Tratados Internacionais.

#### **ARTIGO 6. DEVINDICACIÓN**

A taxa devindicarase o primeiro día do ano natural, se xa estivese autorizado o aproveitamento, de conformidade co artigo 26.1 e 2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

No caso de alta durante o ano, devindicarase no día de inicio efectivo da utilización ou aproveitamento e procederase ao ingreso da parte proporcional da cota.

Nos aproveitamentos temporais, a taxa devindicarase cando se inicie a utilización ou aproveitamento especial e o período impositivo coincidirá co tempo autorizado.

#### **ARTIGO 7. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 4 de abril de 2024, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partires do día 1 de xaneiro de 2025, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Sarria, 30 de maio de 2024.- O alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 1553

---

### *Anuncio*

EXPEDIENTE: 517/2024

PROCEDIMENTO: Aprobación definitiva da Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa.

#### **ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA**

O Pleno do Concello de Sarria, en sesión realizada o día 04/04/2024, acordou aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Reguladora de referencia.

O expediente someteuse a información pública mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 085, de data 12/04/2024 e no Portal de Transparencia da Sede Electrónica Municipal.

Como queira que non se presentaron reclamacións durante o devandito trámite, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional, cuxo texto íntegro da modificación das tarifas se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA.**

### **ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e o artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade cos artigos 15 a 27 e 57 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece a taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tabladros e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa que estará ao establecido na presente Ordenanza fiscal.

### **ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito impoñible da presente taxa a ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tabladros e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

### **ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS**

1.- Son suxeitos pasivos da presente taxa, en calidade de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, seguintes:

- Os titulares de licenzas ou concesións municipais e aqueles en cuxo beneficio redunde o aproveitamento ou utilización privativa do dominio público local.
- Os que, sen licenza ou concesión, realicen algún dos aproveitamentos incluídos nesta Ordenanza.
- Os que, cesando no aproveitamento, non presenten á Entidade local a baixa correspondente.

2.- Responderán solidaria e subsidiariamente da débeda tributaria deste tributo as persoas ou entidades ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria, de acordo có previsto neles.

### **ARTIGO 4. COTA TRIBUTARIA**

1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa sinalada consonte a contía contida no apartado seguinte, atendendo á actividade obxecto do aproveitamento, temporalidade en que esta se instale e espazo ocupado.

2.- As tarifas da taxa serán as seguintes, por cada metro cadrado de superficie ocupada e ano/mes:

- Por cada metro cadrado, o importe anual será de 29,42 euros.
- Por cada metro cadrado, o importe mensual será de 3,68 euros.
- Por cada metro cadrado que ocupe vía pública adicada ao estacionamento de vehículos, o importe anual será de 36,78 euros.
- Por cada metro cadrado que ocupe vía pública adicada ao estacionamento de vehículos, o importe mensual será de 4,60 euros.

3.- Para a aplicación do apartado 2 deste artigo terase en conta o seguinte:

- a) Se o número de metros cadrados do aproveitamento non fose enteiro, redondearase por exceso para obter a superficie ocupada.
- b) Se como consecuencia da colocación de toldos, marquesiñas, separadores, grellas e outros elementos auxiliares se delimita unha superficie maior á ocupada por mesas e cadeiras, tomarase aquela como base de cálculo.

4.- Para instalacións non habituais realizadas en días puntuais, tales como festas patronais, espectáculos, etc., os suxeitos pasivos poderán acollerse ao réxime excepcional previsto no presente artigo. Neste suposto, a tarifa será de 0,8826 euros por día e metro cadrado.

### **ARTIGO 5. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

Non se recoñecen máis beneficios fiscais que os derivados das normas con rango de Lei ou da aplicación de Tratados Internacionais.

### **ARTIGO 6. DEVINDICACIÓN**

1. O período impositivo coincidirá co ano natural ou co mes natural, excepto no suposto previsto no apartado seguinte. A taxa devíndase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos de alta ao longo do período impositivo, en cuxo caso devíndase no momento da ocupación, prorrateando a cota tributaria por meses.

2. No caso de aproveitamentos en días puntuais, o período impositivo é por día, entendéndose que o día comeza á hora de apertura do establecemento, e finaliza á hora de peche ou retirada das mesas e cadeiras sinalada na normativa municipal correspondente. Neste suposto, a taxa devindícase o día declarado de instalación.

#### **ARTIGO 7. LIQUIDACIÓN**

a) Cando se trate de servizos puntuais ou inicio de servizos de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa en réxime de autoliquidación, en todo caso antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

b) Cando se trate de servizos de retribución periódica liquidarase e esixirase a taxa mediante aprobación do correspondente Padrón, e notificarase colectivamente mediante edictos que así o advirtan. As autoliquidacións de alta producirán a incorporación dos suxeitos pasivos ao padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen as citadas autoliquidacións.

c) Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda entendendo que o período impositivo é o ano en curso.

#### **ARTIGO 8. INGRESO**

O pagamento da taxa regulada nesta ordenanza realizarase:

a) Nas autoliquidacións, nas entidades financeiras ou onde establecece o Concello. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

b) Nas liquidacións por recibo ou censo, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edito de exposición pública do censo.

#### **ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA. ENTRADA EN VIGOR E COMEZO DE APLICACIÓN DA ORDENANZA.**

A presente Ordenanza Fiscal, que foi aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o día 4 de abril de 2024, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, permanecendo na devandita situación ata entremetres non se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.

Sarria, 30 de maio de 2024.- O alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 1554

---

#### *Anuncio*

EXPEDIENTE: 411/2024

PROCEDIMENTO: Aprobación definitiva da Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por postos, barracas, casetas, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público e industrias callexeiras e ambulantes.

#### **ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA**

O Pleno do Concello de Sarria, en sesión realizada o día 04/04/2024, acordou aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Reguladora de referencia.

O expediente someteuse a información pública mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 085, de data 12/04/2024 e no Portal de Transparencia da Sede Electrónica Municipal.

Como queira que non se presentaron reclamacións durante o devandito trámite, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional, cuxo texto íntegro da modificación das tarifas se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA TAXA POR POSTOS, BARRACAS, CASETAS, ESPECTÁCULOS OU ATRACCIÓN SITUADAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E INDUSTRIAS CALLEXEIRAS E AMBULANTES**

#### **ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e o artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade cos artigos 15 a 27 e 57 do



Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 6 a 23 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, esta Entidade Local establece a taxa por ocupación do dominio público con instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, industrias rueiras e ambulantes e rodaxe cinematográfica, que estará ao establecido na presente Ordenanza fiscal.

## **ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE**

En virtude do establecido no artigo 2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, artigo 20.1 e 3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e artigo 6 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público e, en particular, na instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreos de uso público local así como industrias rueiras e ambulantes e rodaxe cinematográfica<sup>1</sup>.

## **ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO**

1.- Son suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas, así como as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público municipal en beneficio particular, conforme algún dos supostos do artigo 20.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

2.- En consecuencia, quedan obrigados ao cumprimento das distintas modalidades da obrigación tributaria:

- a) Se as ocupacións foron autorizadas ou concedidas, as persoas ou entidades a cuxo favor se outorgaron as licenzas ou as concesións.
- b) Se se procedeu sen a oportuna autorización, as persoas ou entidades que efectivamente realicen a ocupación.

## **ARTIGO 4. COTA TRIBUTARIA**

A cota tributaria da taxa será a fixada nas Tarifas seguintes:

1. Venda ambulante no recinto feiral por días naturais, por cada metro lineal ou fracción: 1,3524€/m
2. Instalación de restaurantes no recinto feiral por días naturais, por cada metro cadrado ou fracción: 2,3536€/m<sup>2</sup>
3. Postos e barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións, campañas de tempada, instalacións desmontables de carácter informativo ou publicitario, e demais de natureza análoga, por cada metro cadrado ou fracción, por días naturais: 0,8826 €/m<sup>2</sup>

## **ARTIGO 5. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

Non se recoñecen máis beneficios fiscais que os derivados das normas con rango de Lei ou da aplicación de Tratados Internacionais.

## **ARTIGO 6. DEVINDICACIÓN**

A obrigación de pago da taxa regulada nesta Ordenanza nace:

- a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública no momento de solicita-la correspondente licenza.
- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.
- c) Tratándose de concesións de postos de venda ambulante en feiras e mercados, as autorizacións concederanse por períodos anuais en cuxo caso a taxa deberá satisfacerse por trimestres anticipados.

## **ARTIGO 7. PERÍODO IMPOSITIVO**

1. O período impositivo coincidirá co trimestre natural. A taxa devindícase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos de alta ao longo do mesmo, en que se producirá no momento da ocupación.
2. No caso de aproveitamentos realizados por días, o período impositivo é por día. Neste suposto, a taxa devindícase o día declarado de instalación.

## **ARTIGO 8. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

Os titulares destas autorizacións, deberán presentar nos prazos sinalados para cada unha das feiras, a seguinte documentación administrativa:

- Fotocopia do DNI en vigor.
- Documento que acredite a formalización de Seguro de Responsabilidade Civil, no que figure nas condicións particulares o nome da atracción/caseta xunto coa cantidade económica de responsabilidade civil mínima de

600.000€ no caso de atraccións grandes ou casetas potenciais de ser causantes de danos e de 300.000 € no caso de casetas que se estime non sexan de perigo para a cidadanía.

- Resgardo do seguro de responsabilidade civil que acredite que está ao corrente de pagamento.
- Certificado de alta en imposto de actividades económicas no exercicio en curso, ben individual ou de cooperativa á que pertence.
- Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria de atoparse ao corrente das obrigacións tributarias.
- Último recibo de autónomo, ou os pagamentos da cooperativa á que pertence.
- Certificado da Tesourería da Seguridade Social de atoparse ao corrente de pagamento.
- Carné de manipulador de alimentos, nos casos de postos de alimentación.

#### **ARTIGO 9. OBRIGA DE PAGO**

O pago desta taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novo aproveitamento, polo ingreso directo na Tesourería Municipal, pero sempre antes de retirar-la correspondente licencia.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, quedando elevado a definitivo ó concedérselle a licencia correspondente.

b) Tratándose de concesións de aproveitamento xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídas nos padróns ou matrículas desta taxa, por trimestres naturais, nas oficinas de Recadación Municipal nos primeiros 7 días naturais de cada trimestre.

c) O impago do trimestre dentro do prazo indicado traerá consigo a revogación da licencia.

d) O ingreso da taxa poderá esixirse en réxime de autoliquidación.

#### **ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN**

1. A adxudicación dos postos a que se refire a Tarifa primeira, farase previa licitación conforme ao establecido nos artigos 80 a 91 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de Xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais ou normas posteriores que o substitúan ou complementen.

2. Para a instalación dos postos comprendidos na Tarifa segunda, será preceptiva licenza municipal, que solicitará o solicitado mediante escrito no que concrete a situación, obxecto, extinción e duración de aproveitamento. As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. En ningún caso se con-cederán autorizacións por prazo superior a un ano.

#### **ARTIGO 10. INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, e as disposicións que a desenvolvan.

A teor do artigo 24.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparelhada a destrución ou deterioración do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa a que houber lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, a Entidade será indemnizada en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe da deterioración dos danados.

As Entidades Locais non poderán condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que refírese este apartado.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza fiscal, cuxa modificación foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 4 de abril de 2024, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partires do día 1 de xaneiro de 2025, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Sarria, 30 de maio de 2024.- O alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 1555

**TRIACASTELA***Anuncio*

De acordo coa resolución de Alcaldía ditada o día 30 de maio de 2024, aprobáronse as bases específicas para a selección mediante o sistema de concurso-oposición e posterior contratación de tres (3) condutores de motobomba no concello de Triacastela e dar cumprimento ao convenio interadministrativo asinado ca Consellería de Medio Rural.

Duración do Contrato: tres meses.

Prazo de presentación de solicitudes: nos sete días naturais seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas na sede electrónica <https://triacastela.sedelectronica.gal/> e no taboleiro de edictos do Concello de Triacastela.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

Triacastela, 30 de maio de 2024.- A Alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 1556

*Anuncio*

De acordo coa resolución de Alcaldía ditada o día 30 de maio de 2024, aprobáronse as bases específicas para a selección mediante o sistema de concurso-oposición e posterior contratación de un (1) Xefe de Brigada; un (1) peón condutor e tres (3) peóns forestais para a formación de unha brigada de incendios forestais no concello de Triacastela e dar cumprimento ao convenio interadministrativo asinado ca Consellería de Medio Rural.

Duración do Contrato: tres meses.

Prazo de presentación de solicitudes: nos sete días naturais seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas na sede electrónica <https://triacastela.sedelectronica.gal/> e no taboleiro de edictos do Concello de Triacastela.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

Triacastela, 30 de maio de 2024.- A Alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 1557

**MINISTERIO DE FACENDA****BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - LOURENZÁ***Anuncio*

BASES REGULADORAS Y CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA LA REGENERACIÓN Y RENOVACIÓN URBANA EN EL ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE VILANOVA DE LOURENZÁ. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021

BDNS (Identif.): 765070

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/765070>)

Estas bases tienen por objeto regular la concesión de las subvenciones destinadas a financiar los gastos de las actuaciones de regeneración y renovación urbana en el Área de Rehabilitación Integral do Casco Antigo de Lourenzá e Zonas de Respeto. FASE 9

---

Lourenzá, 31 de mayo de 2024.- La alcaldesa, Rocío López García.

R. 1566

---

*Anuncio*

BASES REGULADORAS Y CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA LA REGENERACIÓN Y RENOVACIÓN URBANA EN EL ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE VILANOVA DE LOURENZÁ. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021

BDNS (Identif.): 765081

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/765081>)

Estas bases tienen por objeto regular la concesión de las subvenciones destinadas a financiar los gastos de las actuaciones de regeneración y renovación urbana en el Área de Rehabilitación Integral do Casco Antigo de Lourenzá e Zonas de Respeto. FASE 10

Lourenzá, 31 de mayo de 2024.- La alcaldesa, Rocío López García.

R.1567

---